

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015761	IES Ánxel Fole	Lugo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en no barrio da Piringalla en Lugo, onde o contexto socioeconómico reúne a familias de poder adquisitivo medio ou baixo, moi diverso a nivel cultural, con familias sen un gran nivel formativo pero sen situacións graves de conflitos .

Situación

O IES Ánxel Fole está situado na zona noroccidental de Lugo cidade, coñecida co nome de A Piringalla. Enderezo: Rúa Angelo Colocci, s/n 27003 Lugo.

Centros adscritos

CEIP Luís Pimentel.

CPR Cervantes.

Ensinanzas que oferta o centro

Ensinanza Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º e 4º) .

1º Bacharelato LOMLOE Modalidade Ciencias e Tecnoloxía.

1º Bacharelato LOMLOE Modalidade Xeral.

1º Bacharelato LOMLOE Modalidade Humanidade e Ciencias Sociais.

2º Bacharelato LOMLOE Modalidade Ciencias e Tecnoloxía.

2º Bacharelato LOMLOE Modalidade Xeral.

2º Bacharelato LOMLOE Modalidade Humanidade e Ciencias Sociais.

Características singulares

A maioría dos habitantes da zona onde está situado o centro son de clase media e media-baixa.

Aínda que na zona hai un pavillón deportivo municipal pegado ao centro, resulta insuficiente para as necesidades deportivas.

Características do alumnado

A lingua materna dominante é o galego pero existe uso de ambas as dúas linguas oficiais, galego e castelán.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico, nas explicacións e na avaliación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os problemas ambientais na nosa contorna.	Traballar o autocoñecemento para crear un grupo de traballo interdisciplinar, deseñar e planificar un plan de traballo de acordo ás necesidades dos cidadáns e da nosa contorna.	33	11	X		
2	Elaboremos unha campaña de sensibilización.	Desenvolver o proxecto seguindo o plan de traballo deseñado e a súa planificación.	33	12		X	
3	Concienciemos á nosa contorna que nós somos o cambio.	Preparar e levar a cabo a presentación do proxecto facendo uso das estratexias de comunicación, recursos informáticos, audiovisuais etc.	34	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os problemas ambientais na nosa contorna.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do medio ambiente e a necesidade de protexela.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Elaboremos unha campaña de sensibilización.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Concienciemos á nosa contorna que nós somos o cambio.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña de sensibilización ambiental.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar diferentes recursos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Campaña de sensibilización ambiental".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na primeira avaliación, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar e deseñar e planificar o plan de traballo. Algúns dos posibles temas son: as mareas negras, a reciclaxe, o quecemento global, o efecto invernadoiro, a xestión sostible dos recursos naturais, a eutrofización, a deforestación...

Na segunda avaliación, os distintos grupos multidisciplinares desenvolverán a campaña de sensibilización ambiental seguindo o plan de traballo realizado na primeira avaliación adaptándose a temporalización proposta.

Na terceira avaliación, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle difusión no centro educativo a través dos taboleiros, exposición etc.

Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha maqueta, un comic, unha exposición nos corredores...

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua estranxeira - inglés (comprensión de textos e análises de vídeos...)

- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna...)
- Matemáticas (estadísticas sobre perdas ambientais, análise de gráficas...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquedas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal)
Caderno
Biblioteca (libros, revistas e material audiovisual)
Materiais de elaboración propia do profesorado: presentacións, apuntamentos, fichas
Fichas de actividades de reforzo e de consolidación
Fichas de actividades de ampliación

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, canón proxector, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o ordenador do proxecto E-Dixgal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Entrega de dossier coa seguinte información: escolla do tema, xustificación e fontes bibliográficas empregadas, boceto, esquema, resumen ou presentación da proposta do proxecto, plan de traballo detallado incluíndo a planificación da campaña de sensibilización ambiental, a temporalización e recursos.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Elaboración do proxecto de acordo ao plan de traballo presentado na avaliación anterior. Dixitalización do proxecto, elaboración de maquetas, carteis informativos etc. según corresponda no proxecto.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

Para o cálculo da nota de cada avaliación aproximarase a valores enteiros: ao enteiro inferior para os decimais 1 a 4, e ao enteiro superior para os decimais de 5 a 9.

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas durante a avaliación ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar de forma individual unha proba escrita sobre aspectos do proxecto, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. Neste caso a nota da avaliación corresponderá coa nota da proba escrita.

Para cada avaliación suspensa realizarase a recuperación mediante unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

No caso de ter que realizar algunha proba escrita, obterán un 0 na proba e por tanto suspenderá a avaliación os alumnos ou alumnas que copien nas probas escritas e orais, calquera que sexa o método que empreguen (copiar do compañeiro, de apuntes, de libros, ou por medios

electrónicos e de transmisión de información ou comunicación). As familias serán informadas. A proba poderá recuperarse posteriormente.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións. A nota final da materia será a media das notas acadadas por cada alumna ou alumno nesas tres avaliacións, sempre que as tres estean aprobadas. Para este cálculo utilizarase a nota real acadada en cada avaliación con dous decimais, e non o número enteiro redondeado que aparece no boletín.

A asistencia a clase é obrigatoria. Cun número de faltas inxustificadas superior á que marca a normativa seguirase o protocolo existente.

Para o cálculo da nota final da materia aproximarase a valores enteiros: ao enteiro inferior para os decimais 1 a 4, e ao enteiro superior para os decimais de 5 a 9.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

No hipotético caso de non poder dar algunha das unidades didácticas, o peso da mesma repartirase de forma equitativa entre as restantes.

Crterios de recuperación:

O alumnado que non teña superada algunha das avaliacións do curso será atendido de xeito individualizado polos docentes, tendo en conta aqueles aprendizaxes pendentes de acadar.

- Antes da avaliación ordinaria, este alumnado realizará unha proba escrita sobre os coñecementos non adquiridos que incluírá os referidos ás avaliacións non superadas en cada caso. Esta proba constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

- Unha vez feita a proba de recuperación das avaliacións non superadas, a nota final da materia será a media das notas acadadas en cada unha das tres avaliacións, substituíndo a nota da parte do exame das avaliacións que previamente estaban suspensas pola acadada no exame final de recuperación

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

Outras medidas serán:

- Manter contacto habitual co titor ou titora do curso.
- Falar cos pais ou nais dos alumnos se o titor ou titora ou estes así o requiren.
- Falar co alumno persoalmente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á depuradora	Visita á depuradora de Lugo		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

En función do ditado polos DECRETOS 156 e 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas. Esta avaliación debe incluír:

- Análise e avaliación das aprendizaxes do alumnado, a través dos instrumentos de avaliación previamente explicados . Propostas de mellora.
- Análise dos procesos de ensino. Propostas de mellora.
- Análise da práctica docente. Propostas de mellora.

Para a análise e avaliación das aprendizaxes do alumnado, os membros do Departamento recollerán e valorarán os resultados acadados nas avaliacións realizadas ao longo do curso, empregando para cada materia e avaliación táboas que reflexen a porcentaxe do alumnado que aproba e suspende en cada grupo.

Para a análise dos procesos de ensino e práctica docente, cada profesor ou profesora tratará de recoller a información sobre os diferentes indicadores de logro. Esta información se valorará nas reunións periódicas e se terá

en conta de cara a memoria final do curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

A programación debe ser un documento dinámico que reflecta, en cada momento, o máis fielmente posible o desenvolvemento de cada unha das materias que dependen deste departamento. Resulta imprescindible avaliar a calidade desta programación, na que se analice o grao de cumprimento e desenvolvemento da mesma, tratando de facer as oportunas modificacións. Para acadar dito obxectivo realizaranse reunións periódicas de tódolos membros do departamento. Así mesmo, ao remate do presente curso académico celebraremos reunións especiais para estimar ata que punto foron acadados os obxectivos programáticos e os indicadores de logro de cada materia e para a elaboración da memoria final.

9. Outros apartados